

ENCE E ELNOSA NÉGANSE A MARCHAR DE LOURIZÁN.... BOTÉMOLOS XA!

A situación de crise económica pola que atravesamos é aproveitada por **ENCE e ELNOSA** para botarlle un pulso á administración negándose a marchar de Lourizán e para chantaxear á poboación coa ameaza da perda dos postos de traballo. Coñecedores de que nas situacións de crise un amplo sector da poboación subordina calquera outra cuestión á perda de emprego, **pretenden forzar unha nova prórroga da concesión, que podería chegar a ser de 30 anos e viría da man dunha modificación da Lei de Costas que o goberno do PP está a estudar.**

E nesta situación, e por máis que ENCE pretenda minimizar o seu alcance, **unha sentenza do Tribunal Supremo** que admite parcialmente un recurso da APDR contra o acordo de supramunicipalidade asinado pola Xunta de Fraga no ano 2003, vén asestar un duro golpe ás pretensións empresariais de continuar na ría máis alá do 2018. **ANULA NA SÚA TOTALIDADE O ACORDO, que permitía a ENCE eludir o control urbanístico** por parte do Concello de Pontevedra, e declara a **NULIDADE de todas aquelas decisións adoptadas en función da súa aplicación.** E aquí radica precisamente a importancia da sentenza; entre outras cousas porque a Xunta concedeulle a ENCE a AAI sen o preceptivo Informe de compatibilidade urbanística do Concello argumentando a súa innecesariedade en base ao acordo agora anulado.

Neste sentido, desde a APDR **esiximos a paralización do proceso de renovación da AAI a ENCE** e que se inicie de novo a súa tramitación, obrigándolle á empresa -coma a calquera outra- a solicitar o informe urbanístico ao Concello.

Con todo, e a pesar desta nova vitoria, na APDR sabemos que **a loita non vai ser doada**; nunca o foi; pero sabemos tamén que **a nosa mellor arma é a mobilización**, que con seguridade o nivel de oposición social ao complexo inflúe nas decisións xudiciais, como inflúe nas decisións políticas.

Por iso, hoxe máis que nunca, **é necesario conseguir unha importante participación na MARCHA CONTRA CELULOSAS do vindeiro sábado día 2**; temos unha oportunidade inmejorable para demostrar que **non aceptamos chantaxes**, que imos seguir loitando por todos os medios ao noso alcance para que se cumpra a lei e as decisións xudiciais e que **non imos mudar o noso obxectivo**, que non é outro que a **desaparición do complexo ENCE-ELNOSA** da nosa Ría e a **creación de postos de traballo** de calidade derivados da explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos, un desenvolvemento que permita superar a crise económica actual e que é incompatible coa presenza de industrias contaminantes na Ría.

ENCE E ELNOSA NON SON A SOLUCIÓN Á CRISE... SON PARTE DO PROBLEMA!

**SÁBADO 2 DE XUÑO
MARCHA CONTRA CELULOSAS**

**SAÍDA ÁS 19:30 DAS ALAMEDAS DE MARÍN E PONTEVEDRA
AO REMATE: POLBADA NA PRAZA DA PEDREIRA**